



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033948

Convocatoria: 2026 PREM-JG

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN NÚMERO 2025/60173 DO 17 DE DECEMBRO DE 2025, MODIFICADA POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA NÚMERO 2025/60293 DO 19 DE DECEMBRO DE 2025, POLA QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DA 2ª EDICIÓN DO PREMIO “JOSE GIL” DE CINEMA EN GALEGO DO ANO 2026

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Detectado un erro relativo ao prazo de presentación de solicitudes.

RESOLVO:

Modificar a Resolución número 2025/60173 do 17 de decembro de 2025 pola que se aproban as Bases e a convocatoria da 2ª Edición do Premio “Jose Gil” de cinema en galego do ano 2026

Onde di:

.../...

Cuarta.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o día 10 de febreiro de 2026, e finalizará o día 10 de abril de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Na modalidade C, a cal tramítase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL), o prazo de solicitude finalizará ás 14:00 horas dese día

.../...

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o día 10 de febreiro de 2026 e rematará o 10 de abril de 2026

.../...

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

CASTELLANO

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará el día 10 de febrero de 2026 y finalizará el 10 de abril de 2026

.../...

Debe decir:

.../...

Cuarta.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día 10 de febreiro de 2026, e finalizará o día 10 de abril de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Na modalidade C, a cal tramítase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL), o prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 10 de febreiro e finalizará ás 14:00 horas do 10 de abril.

.../...

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día 10 de febreiro de 2026, e finalizará o día 10 de abril de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Na modalidade C, a cal tramítase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL), o prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 10 de febreiro e finalizará ás 14:00 horas do 10 de abril.

.../...

ANEXO - EXTRACTO DE LA CONVOCATORIA

CASTELLANO

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará el día 10 de febrero de 2026 y finalizará el 10 de abril de 2026, despues de la publicación del extracto de la convocatoria de este premio en el BOP de A Coruña, a través de la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

En la modalidad C, la cual se tramita de forma telemática, a través de la plataforma de tramitación electrónica de la Diputación (SUBTEL), el plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 10 de febrero y finalizará a las 14:00 horas del 10 de abril.

Polo tanto o texto definitivo será o seguinte:

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Despois de ver os informes do servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaria Xeral e do servizo de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as Bases reguladoras da 2ª Edición do Premio “José Gil” de cinema en galego, cuxo texto se transcribe no anexo.

Segundo.- Publicar as presentes bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Aprobar a convocatoria da 2ª Edición do Premio “José Gil” de cinema en galego, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo – Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase o día 10 de febreiro de 2026, e finalizará o día 10 de abril de 2026.

Na modalidade C, a cal tramítase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL), o prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 10 de febreiro e finalizará ás 14:00 horas do 10 de abril.

Cuarto.- Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Quinto.- Aprobar o orzamento dos gastos derivados da convocatoria, que ascenden a un total de 24.500 €, de acordo co seguinte detalle:

Concepto	Aplicación orzamentaria	Documento contable RC	Importe
Premios	0612/3342/481	220259000767	19.500€
Honorarios do xurado, fixados de acordo co establecido na Base 30ª.4 das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2025.	0612/3342/22609	220259000768	5.000€ (1.000€ x 5)
TOTAL			24.500,00 €

De acordo con o establecido no art. 174.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, “A autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.”

O financiamento quedará supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2026. Noutro caso sería de aplicación o establecido no 173.5 do TRLRHL, “non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar”.

Así mesmo, queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

2ª Edición do Premio "José Gil" de cinema en galego do ano 2026

BASES

Primeira.- Obxecto

Tendo en conta a significación especial que, para a produción e a difusión de películas e obras audiovisuais, posúe, dende hai tempo, a provincia da Coruña e coa finalidade de contribuír á memoria de personaxes singulares e representativos neste campo como foi José Gil, a Deputación da Coruña convoca o Premio "José Gil" de cinema galego do ano 2026.

José Gil foi pioneiro no reporteirismo fotográfico, o nacemento do cine ficcional e documental en Galicia, as primeiras produtoras e laboratorios cinematográficos, o cinema industrial e turístico, a lusofonía audiovisual, o cine educativo e científico, o cinema móbil, os noticiarios, a publicidade, o cinema da emigración, o arquivo fílmico e tantas outras achegas incuestionábeis do cineasta a prol da modernización de Galicia entre 1910 e 1935, representando sen dúbida o máis salientable pioneiro do cinema galego da nosa historia.

Consta de tres modalidades diferenciadas:

- A) Modalidade de guión de longametraxes de ficción en lingua galega**
- B) Modalidade de guión de longametraxes documental en lingua galega**
- C) Modalidade de traxectoria ou iniciativa de especial relevancia no campo do cinema en lingua galega**

O xurado poderá modificar, motivadamente, a adscripción das candidaturas presentadas a cada unha das modalidades.

Segunda.- Solicitantes e candidaturas

- A) Modalidade de guión de longametraxes de ficción en lingua galega**
- B) Modalidade de guión de longametraxes documental en lingua galega**

Nas modalidades A e B poderán participar persoas maiores de idade, escritoras ou guionistas con proxectos de obras inéditas, non subvencionadas, premiadas nin seleccionadas en ningún outro certame ou laboratorio, nin publicadas nin difundidas, total ou parcialmente, por calquera medio.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificárase mediante unha declaración responsable na que se manifeste ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poidan xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumirá, se é o caso, as indemnizacións que poidan corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do premio.

Cada persoa poderá concorrer ao certame cun máximo dunha obra e cada obra presentada poderá ser escrita por un máximo de dúas persoas autoras

- C) Modalidade de traxectoria ou iniciativa de especial relevancia no campo do cinema en lingua galega**

Na modalidade C poderán presentar unha proposta de candidatura argumentada todas as persoas físicas, maiores de idade, ou xurídicas interesadas na promoción do audiovisual galego, excepto as persoas membros do xurado.

Cada propoñente só poderá presentar unha candidatura e non se admitirán autocandidaturas.

As persoas propostas deberán ser persoas físicas maiores de idade ou persoas xurídicas que conten cunha traxectoria comprometida coa promoción e posta en valor do cinema en V.O. galega.

Terceira.- Dotación

Establécense tres premios, dotados con **6.500€**, para cada unha das modalidades.

Os premios das modalidades A e B están suxeitos á Lei de subvencións e á obriga de publicación na BDNS, mentres que o premio correspondente á modalidade C) non está suxeito á devandita lei nin á obriga de publicación na BDNS.

O pago dos citados premios realizarase previa retención do 15%, do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) ou 19% do imposto de sociedades (IS), no seu caso.

Os premios poderán quedar desertos ou ser concedidos con carácter ex aequo; neste caso, os seus importes repartiranse proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

Os premios non poderán concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se as persoas premiadas falecesen despois da decisión do xurado.

Cuarta.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes iníciarase o día 10 de febreiro de 2026, e finalizará o día 10 de abril de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Na modalidade C, a cal tramítase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL), o prazo de solicitude iníciarase ás 08:00 horas do día 10 de febreiro e finalizará ás 14:00 horas do 10 de abril.

Quinta.- Envío da obra e documentación

A) Modalidade de guiión de longametraxes de ficción en lingua galega

B) Modalidade de guiión de longametraxes documental en lingua galega

En ambas modalidades para garantir o anonimato das solicitudes, a presentación realizarase baixo o sistema de **PLICA** coa presentación dun sobre pechado, a portes pagados, que indique no exterior o título do Premio "José Gil" de cinema galego, ao seguinte enderezo:

Deputación provincial da Coruña
Avenida Porto da Coruña 2
15003 A Coruña

Dentro deste sobre principal incluíranse dous sobres (sobre A para a obra e sobre B para a documentación). Ambos sobres indicarán o seguinte no exterior:

- Premio "José Gil" de cinema galego
- Modalidade á que se presenta
- Título da obra
- Un lema ou pseudónimo

Sobre A – Obra

- Incorporará o proxecto proposto en formato PDF en galego, cunha fonte Courier New, tamaño 12 e interlineado sinxelo, que deberá conter a seguinte documentación
 - Unha memoria explicativa do proxecto de guiión cun máximo de 10 páxinas rematadas
 - Unha sinopse detallada do contido da obra completa, cunha extensión máxima de 5 páxinas
 - O argumento desenvolvido ou tratamento do proxecto de longametraxe de ficción ou documental para ser filmada en versión orixinal en galego (cun máximo de 20 páxinas)
 - Unha secuencia dialogada

Requisitos:

- A obra deberá estar escrita en lingua galega
- O tema, xénero e a extensión das obras será libre
- Cada obra presentada poderá ser escrita por un máximo de dúas persoas autoras
- Non pode incluír ningún dato que permita averiguar a identidade da persoa autora
- As persoas premiadas terán un prazo de 6 meses, desde a data de concesión do premio, para entregar un exemplar do guión rematado e formateado profesionalmente

Sobre B - Documentación

Incorporará os seguintes documentos:

- Copia do documento de identidade
- Datos de contacto: enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico
- Breve currículo
- Documento co seguinte contido:
 - Declaración responsable de que a persoa autora é titular de todos os dereitos e que a obra é inédita e que non foi premiada, até a data de presentación, en ningún outro certame ou premio
 - Cesión temporal dos dereitos de edición da obra (**título da obra**) á Deputación durante un prazo de trinta e seis meses, que se contarán dende a data de entrega do guión rematado e formateado profesionalmente
- No caso de autoría conxunta, ademais da documentación anterior, deberá incluírse un documento explícito coa participación de cadaquén e a porcentaxe do premio pactada entre as persoas autoras e asinada por elas.

C) Modalidade de traxectoria ou iniciativa de especial relevancia no campo do cinema en lingua galega

Nesta modalidade, a convocatoria tramitarase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática:

- Quen presente a candidatura deberá dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións; excepcionalmente, e de xeito xustificable, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique o dito cambio á Deputación.
- Quen presente a candidatura deberá dispoñer de certificado dixital.
- A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a solicitude.
- A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.
- Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

A documentación a presentar é a seguinte:

- Acreditación da representación no caso de persoas xurídicas.
- Memoria explicativa da candidatura no que se recollan os datos seguintes da persoa ou entidade proposta:
 - Nome da persoa, colectivo, asociación ou entidade; NIF
 - Nome representante, NIF
 - Enderezo postal
 - Teléfono
 - Enderezo electrónico
 - Enderezo web
 - Méritos que se alegan para a proposta de candidatura, tendo en conta os criterios indicados na base segunda desta convocatoria
- Documentación acreditativa dos méritos da candidatura proposta
- Declaración de conformidade da persoa/entidade proposta coa presentación da candidatura

Sexta.- Xurado

O xurado estará presidido pola Deputada de Cultura, quen actuará con voz e sen voto, e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito do audiovisual nomeadas por ela.

As funcións de secretaría exerceraas a Secretaría da Corporación ou a persoa funcionaria en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición dos xurados daranse a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: Órganos colexiados das distintas administracións públicas”, artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas serán estendidas as actas correspondentes.

Sétima.- Concesión e pago

Concesión

Nas modalidades A e B, se hai finalista, a plica correspondente á obra poderá ser aberta pola persoa que exerza a secretaría do xurado co fin de que, se a persoa autora o permite, poida darse a coñecer o seu nome.

A proposta de concesión que formule o xurado será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e do Servizo de Fiscalización.

A resolución de concesión do premio será dada a coñecer a través do Boletín Oficial da Provincia Non se devolverán as obras presentadas non premiadas e a partir do día seguinte ao da decisión do xurado serán destruídas.

Non poderán obter a condición de persoa beneficiara aquelas persoas que teñan a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal, de conformidade co disposto no artigo 13.f) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Pago

O pago dos premios nas **modalidades A ou B** realizarase en dous prazos:

- 40%, unha vez concedido o premio
- 60%, despois de que o xurado verifique que a obra responde á descrición do guión premiado, trala revisión do guión rematado e formateado profesionalmente.

No caso de que o xurado non informe favorablemente que a obra responde á descrición do proxecto premiado ou no caso de incumprimento do prazo previsto para a entrega da obra completa, a persoa premiada deberá devolver o importe cobrado do 40% do primeiro prazo, máis o intereses legais que correspondan de acordo coa lexislación vixente.

O pago do premio na **modalidade C** realizarase unha vez concedido o premio.

Para o cobro do premio, **nas tres modalidades**, a persoa premiada deberá presentar a seguinte documentación:

Residencia española:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que envíe un documento autorizando expresamente á Deputación provincial da Coruña ás consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social
- Comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros, que figura no apartado de impresos oficiais da páxina web da Deputación provincial da Coruña
- Certificación da titularidade de conta, expedida pola entidade bancaria

Outra residencia:

- Copia do pasaporte
- Certificado de residencia fiscal
- Declaración de non ter establecemento permanente en España emitido polo organismo oficial do seu país, no seu caso
- Certificación de titularidade de conta bancaria, na que figure o código SWIFT/BIC

A presentación desta documentación para as tres modalidades, farase preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "solicitud xeral" dispoñible na sede electrónica da Deputación da Coruña. Tamén poderá presentala en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A concesión e pago dos premios das modalidades A e B, suxeitos á lei de subvencións, serán publicados na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Oitava.- Obrigas

A Deputación, que poderá publicar en formato físico a obra premiada nas modalidades A e B, reservarase os dereitos de edición durante un prazo de trinta e seis meses, contados desde a data de entrega do guión rematado e formateado profesionalmente.

Novena.- Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios ou no desenvolvemento das actividades complementarias.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación
- Filmacións destinadas á promoción da actividade
- Publicacións para dar a coñecer a actividade

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPDP pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Décima.- Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

ANEXO – EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria da 2ª Edición do Premio “José Gil” de cinema galego do ano 2026. O texto completo das Bases do premio pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Primeiro. Beneficiarios

Consta de tres modalidades diferenciadas:

A) Modalidade de guión de longametraxes de ficción en lingua galega

B) Modalidade de guión de longametraxes documental en lingua galega

- Poderán participar persoas maiores de idade, escritoras ou guionistas con proxectos de obras inéditas, non subvencionadas, premiadas nin seleccionadas en ningún outro certame ou laboratorio, nin publicadas nin difundidas, total ou parcialmente, por calquera medio.
- Cada persoa poderá concorrer ao certame cun máximo dunha obra e cada obra presentada poderá ser escrita por un máximo de dúas persoas autoras

C) Modalidade de traxectoria ou iniciativa de especial relevancia no audiovisual galego

- Poderán presentar candidaturas argumentadas todas as persoas físicas, maiores de idade, ou xurídicas interesadas na promoción do audiovisual galego, excepto as persoas membros do xurado.
- Cada propoñente só poderá presentar unha candidatura e non se admitirán autocandidaturas.
- As persoas propostas deberán ser persoas físicas maiores de idade ou persoas xurídicas que contén cunha traxectoria comprometida coa promoción e posta en valor do cinema en V.O. en lingua galega

Segundo. Obxecto

Convocar para o exercicio 2026 a 2ª Edición do Premio “José Gil” de cinema galego coa finalidade de contribuír á memoria de personaxes singulares e representativos no campo do audiovisual, como foi José Gil

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerese polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 19.500,00€, con cargo á partida 0612/3342/481 do Orzamento para o ano 2026.

Establécense tres premios dotados con 6.500,00€ para cada unha das modalidades, que poderán quedar desertos ou ser concedidos con carácter ex aequo; neste caso, os seus importes repartiranse proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o día 10 de febreiro de 2026, e finalizará o día 10 de abril de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Na modalidade C, a cal tramítase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL), o prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 10 de febreiro e finalizará ás 14:00 horas do 10 de abril.

Sexto. Outros datos

Nas modalidades A e B

A presentación da obra realizarase en formato PDF en galego, cunha fonte Courier New, tamaño 12 e interlineado sinxelo, e xunto coa plica, serán enviados á Deputación provincial da Coruña, Avda. Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, indicando no sobre Premio "José Gil" de cinema galego.

A modalidade C

Tramitarase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

ANEXO – EXTRACTO DE LA CONVOCATORIA

CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.la) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria de la 2ª Edición del Premio "José Gil" de cine gallego del año 2026. El texto completo de las Bases del premio puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

Primero. Beneficiarios

Consta de tres modalidades diferenciadas:

A) Modalidad de guion de largometrajes de ficción en lengua gallega

B) Modalidad de guion de largometrajes documental en lengua gallega

- Podrán participar personas mayores de edad, escritoras o guionistas con proyectos de obras inéditas, no subvencionadas, premiadas ni seleccionadas en ningún otro certamen o laboratorio, ni publicadas ni difundidas, total o parcialmente, por cualquier medio.
- Cada persona podrá concurrir al certamen con un máximo de una obra y cada obra presentada podrá ser escrita por un máximo de dos personas autoras

C) Modalidad de trayectoria o iniciativa de especial relevancia en el audiovisual gallego

- Podrán presentar candidaturas argumentadas todas las personas físicas, mayores de edad, o jurídicas interesadas en la promoción del audiovisual gallego, excepto las personas miembros del jurado.
- Cada proponente solo podrá presentar una candidatura y no se admitirán autocandidaturas.
- Las personas propuestas deberán ser personas físicas mayores de edad o personas jurídicas que cuenten con una trayectoria comprometida con la promoción y puesta en valor del cine en V.O. en lengua gallega.

Segundo. Objeto

Convocar para el ejercicio 2026 la 2ª Edición del Premio "José Gil" de cine gallego con la finalidad de contribuir a la memoria de personajes singulares y representativos en el campo del audiovisual, como fue José Gil.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se registrará por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 19.500,00€, con cargo a la partida 0612/3342/481 del Presupuesto para el año 2026.

Se establecen tres premios dotados con 6.500,00€ para cada una de las modalidades, que podrán quedar desiertos o ser concedidos con carácter ex aequo; en este caso, sus importes se repartirán proporcionalmente entre las personas que resulten premiadas.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará el día 10 de febrero de 2026 y finalizará el 10 de abril de 2026, después de la publicación del extracto de la convocatoria de este premio en el BOP de A Coruña, a través de la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

En la modalidad C, la cual se tramita de forma telemática, a través de la plataforma de tramitación electrónica de la Diputación (SUBTEL), el plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 10 de febrero y finalizará a las 14:00 horas del 10 de abril.

Sexto. Otros datos

En las modalidades A y B

La presentación de la obra se realizará en formato PDF en gallego, con una fuente Courier New, tamaño 12 e interlineado sencillo y junto con la plica, serán enviados a la Diputación provincial de A Coruña, Avda. Puerto de A Coruña 2, 15003 A Coruña, indicando en el sobre Premio "José Gil" de cine gallego.

La modalidad C

Se tramitará de manera telemática, a través de la plataforma de tramitación electrónica de la Diputación (SUBTEL).